

Xestión eficiente do xurro con GEA

MAS EL BRUGUER (BARCELONA)



A granxa catalá Mas El Bruguer, de Sant Julià de Vilatorrada (Barcelona), decidiu hai cinco anos implantar un sistema de tratamento do xurro para conseguir unha xestión máis rendible e eficiente dos residuos das súas 420 vacas de leite e os seus 2.800 porcos.

Nome da explotación: Mas El Bruguer

Localización: Sant Julià de Vilatorrada (Barcelona)

Animais en total: 420 vacas e 2.800 porcos

Vacas en produción: 360

Xurro a procesar: 14.000 m³/ano

Custo: 1,20 €/m³

Josep Masramón:
“Procuramos sacar unha fracción líquida limpa, aínda que nos custe un pouco máis, pero aforramos problemas en tubaxes de irrigación”



Josep Masramón

“**M**uximos unhas 360 vacas, temos unhas 300 porcas nais e preto de 2.500 porcos de engorde”, explica o seu propietario, Josep Masramón.

Tras intentar mellorar este aspecto do seu negocio con diferentes sistemas que finalmente non funcionaron como esperaba, decidiu apostar por GEA: “Hai cinco anos montamos un sistema de separación e centrifugación do xurro cru e funciona ben, ademais os custos están dentro do que a rendibilidade da granxa pode asimilar”.

Mas El Bruguer necesita procesar 14.000 m³ de xurro cada ano e o obxectivo é obter dúas fraccións separadas: a parte líquida, que utiliza para fertilizar os seus campos de cultivo, e a parte sólida, que vende a unha planta de biogás francesa para compostaxe.

CUSTO OPERATIVO

O conxunto de toda a instalación permite, simplemente cun principio de separación mecánico sen grande achega doutros sistemas de intercambio químico, conseguir un resultado formidable cun custo operativo de entre un euro e un euro e medio.

No caso de Mas El Bruguer, Josep Masramón indica que “nos aproximamos a un custo operativo de 1,20 €/m³, pois co tempo vas corrixindo aspectos e mellorando o sistema. Procuramos sacar unha fracción líquida limpa, aínda que nos custe un pouco máis de diñeiro, pero aforramos problemas en tubaxes de irrigación”.

Rafael García:

“Recuperamos os nutrientes que pode ter o xurro e aplicámolos onde son considerados un valor”

O SISTEMA, PASO A PASO

A orixe de todo o sistema está nos corredores das naves de produción, onde Josep Masramón ten instaladas arrobadeiras GEA para a limpeza das dexeccións dos animais. “Son simplemente unhas guías que percorren os corredores, acumulan todo o xurro cru e arrástrano cara ao primeiro depósito, desde onde é bombeado á primeira das balsas”, resume Rafael García, responsable da división de Medio Ambiente de GEA Separator para toda España e Portugal.

O xurro cru bombéase desde a balsa ata a primeira etapa de separación, que consiste “nun parafuso prensa –explica– que recibe o xurro e elimina en primeira instancia os sólidos grosos, a parte líquida almacénase nun tanque. Seguidamente, a centrífuga recolle deste tanque o líquido a través dunha bomba e separa os sólidos finos que hai no líquido. O sólido sae por gravidade e distribúese nunha cinta desprazadora cara a unha parte de almacenaxe. O líquido envíase directamente á balsa de xurro tratado”.

A carga sólida e orgánica utilízase para compostaxe e a parte líquida, para fertilizar os campos. O sistema cumpre co concepto de separación rendible, pois segundo detalla Rafael García, “sinxelamente recuperamos os nutrientes que pode ter o xurro e aplicámolos onde son considerados un valor”.

UNHA CUESTIÓN LEGAL

A porcentaxe de redución de fósforo no xurro xa clarificado é aproximadamente do 90 % e de nitróxeno, do 60 %. “En concreto nesta instalación conséguese unha redución de nitróxeno de ata o 60 %, é dicir, estamos a falar de que o nitróxeno amoniacal que pode conter o xurro clarificado xa está por debaixo do 40 %, o cal é un rendemento sinxelamente formidable”, subliña García.

O xurro é tratado, non só por unha cuestión de xestión máis eficiente, senón porque, ademais, existe un imperativo legal que así o esixe. O responsable da división de Medio Ambiente de GEA asegura que “hai unha normativa europea, trasposta na lexislación española, que esixe que o nitróxeno por hectárea e ano dosificado nas zonas consideradas normais sexa de 210 quilos, mentres que nas zonas nomeadas como sensibles sexa, como máximo, de 170 quilos de nitróxeno por hectárea e ano. Esa é a razón pola que realmente se fai necesaria esta redución do nitróxeno no xurro, para que poida ser dosificado en terra ou que a terra estea en consoñancia coa cantidade de cabezas de gando que se ten”.



Rafael García



Orixe do proceso



Planta de clarificación e deshidratación de xurro



Balsa receptora da parte líquida que fertilizará os campos



Parte sólida que se dedicará a compostaxe

División de Medio Ambiente de
GEA Separator

Tel.: +34 619 77 81 60
rafael.garcia@gea.com

EN
VÍDEO

